

APUNTES FILOSOFÍA MODERNA EMPIRISMO-RACIONALISMO

1. ASPECTOS COMÚNS RACIONALISMO-EMPIRISMO:

- CUESTIÓN FILOSÓFICA PRINCIPAL: **COÑECEMENTO HUMANO**.
- NOCIÓN DE **IDEAS**: **CONTIDOS DO PENSAMENTO**, DA MENTE. O PENSAMENTO PENSA IDEAS. O QUE COÑECEMOS SON AS IDEAS DA NOSA MENTE.
- **SUBJECTIVISMO** (FILOSOFÍA MODERNA): NON COÑECEMOS AS COUSAS DIRECTAMENTE, SENÓN AS IDEAS DAS COUSAS VS. REALISMO (FILOSOFÍA GREGA).
- PROBLEMA FILOSÓFICO: **OBXECTIVIDADE DAS IDEAS** DO PENSAMENTO: **CORRESPONDENCIA IDEAS** DA MENTE-**REALIDADE** EXTRAMENTAL.

2. DIFERENZAS EMPIRISMO-RACIONALISMO:

- **EMPIRISMO: ORIXE-XÉNESE DAS IDEAS**. **EXPERIENCIA**. TODAS AS IDEAS DA MENTE HUMANA PROCEDEN DOS DATOS OU INFORMACIÓNS DOS SENTIDOS EXTERNOS OU INTERNOS, PERCEPCIÓNS EXTERNAS, PERCEPCIÓNS INTERNAS.
- **EMPIRISMO: NEGACIÓN DAS IDEAS INNATAS**. NON HAI CONTIDOS INNATOS NA MENTE HUMANA. EMPIRISMO MEDIEVAL TOMÉ DE AQUINO: "NIHIL EST IN INTELLECTU QUOD NON PRIUS FUERIT IN SENSU". JOHN LOCKE, ENSAIO SOBRE O ENTENDEMENTO HUMANO: "LET US SUPPOSE THE MIND TO BE, AS WE SAY, A TABULA RASA, VOID OF ALL CHARACTERS, WITHOUT ANY IDEAS". ANTES DE QUE A EXPERIENCIA ESCRIBA NELA, A NOSA MENTE É COMO UNHA FOLLA EN BRANCO NA QUE NON HAI NADA ESCRITO.
- **EMPIRISMO: LÍMITES** DO **COÑECEMENTO HUMANO**: A **EXPERIENCIA**. NON PODEMOS COÑECER MÁIS ALÁ DA EXPERIENCIA E TODO COÑECEMENTO ELABORADO POLO ENTENDEMENTO-RAZOAMENTO TEN QUE TER **BASE-ORIXE** NA INFORMACIÓN APORTADA POLOS SENTIDOS INTERNOS OU EXTERNOS.

3. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS EMPIRISMO (HUME):

- **ELEMENTOS OU CONTIDOS DO PENSAMENTO** OU DA CONCIENCIA:
 - a) **IMPRESIÓNS (IMPRESSIONS)**: **ELEMENTOS ORIXINARIOS DO COÑECEMENTO** PROCEDENTES DA **EXPERIENCIA** (**SENTIR-SENSIBILIDADE, PERCIBIR-PERCEPCIÓN**). SENTIDOS EXTERNOS (SENSACIÓNS) E SENTIDOS INTERNOS (PAIXÓNS, EMOCIÓNS). **TODO COÑECEMENTO DERIVA DAS IMPRESIÓNS**. PERCEPCIÓNS DA MENTE CARACTERIZADAS POLA SÚA **VIVACIDADE, FORZA E INTENSIDADE**. EXISTEN **IMPRESIÓNS SIMPLES** (PROCEDEN DUN SENTIDO) E **COMPLEXAS** (PROCEDEN DE VARIOS SENTIDOS).
 - b) **IDEAS**: CONTIDOS DA MENTE DERIVADOS DAS IMPRESIÓNS. REPRESENTACIÓNS OU COPIAS DAS IMPRESIÓNS. AS IDEAS SON MENOS VIVACES, INTENSAS E FORTES. ELEMENTOS DA CONCIENCIA QUE XA SE

PRESENTARAN ANTERIORMENTE E QUE REAPARECEN. (PENSAR-PENSAMENTO, RECORDAR-MEMORIA). O PENSAMENTO É UNHA ACTIVIDADE COGNOSCITIVA SUBORDINADA-DERIVADA DA SENSIBILIDADE.

EXISTEN IDEAS SIMPLES + IDEAS COMPLEXAS: OBTÉÑENSE POR ASOCIACIÓN OU COMBINACIÓN DE IDEAS EN BASE A TRES CLASES DE RELACIÓNS OU LEIS DE CONEXIÓN DE IDEAS. LEI DE SEMELLANZA, LEI DE CONTIGÜIDADE NO TEMPO E NO ESPAZO, LEI DE CAUSALIDADE.

- **MICROSCOPIO DE HUME:** TODA IDEA DERIVA DUNHA IMPRESIÓN. SE NON PODEMOS INDICAR A IMPRESIÓN DA QUE DERIVA UNHA IDEA ESTAREMOS ANTE UNHA FICCIÓN. ("WHEN WE ENTERTAIN, THEREFORE, ANY SUSPICION, THAT A PHILOSOPHICAL TERM IS EMPLOYED WITHOUT ANY MEANING OR IDEA..., WE NEED BUT ENQUIRE, *FROM WHAT IMPRESSION IS THAT SUPPOSED IDEA DERIVED?*")

- **MODOS DE COÑECEMENTO (FORMAS DO COÑECEMENTO HUMANO):**

a) **COÑECEMENTO POR RELACIÓN ENTRE IDEAS (*relations of ideas*):** (VERDADES DE RAZÓN, *vérités de raison*, LEIBNIZ, RACIONALISMO). **COÑECEMENTO INTUITIVO** OU **DEMOSTRATIVO**. **MATEMÁTICAS:** GEOMETRÍA, ÁLXEBRA, ARITMÉTICA. A VERDADE, DESCUBERTA POLAS **OPERACIÓNS DO ENTEDEMENTO**, É **INDEPENDENTE DA EXPERIENCIA** ("...DISCOVERABLE BY THE MERE OPERATION OF THOUGHT, WITHOUT DEPENDENCE ON WHAT IS ANY WHERE EXISTENT IN THE UNIVERSE.") A VERDADE DEPENDE DA **COHERENCIA-CONGRUENCIA LÓXICO-FORMAL**. O **CONTRARIO** DA PROPOSICIÓN VERDADEIRA SERÍA UNHA PROPOSICIÓN FALSA (**PRINCIPIO NON CONTRADICCIÓN**).

EXEMPLO 1 HUME: NUN TRIÁNGULO RECTÁNGULO, O CUADRADO DA HIPOTENUSA É IGUAL Á DA SUMA DOS CADRADOS DOS CATETOS.

EXEMPLO 2 HUME: TRES VECES CINCO É IGUAL Á METADE DE TRINTA.

b) **COÑECEMENTO DE FEITOS (*matters of fact*):** (VERDADES DE FEITOS, *vérités de fait*, LEIBNIZ, RACIONALISMO). **COÑECEMENTO ELABORADO-CONSTRUIDO** POLO **ENTEDEMENTO-RAZOAMENTO** A PARTIR DE **DATOS DA EXPERIENCIA**. A VERDADE OU FALSEDADE DUNHA AFIRMACIÓN DEPENDE DA **COMPROBACIÓN EMPÍRICA**. A VERDADE NON DEPENDE DA COHERENCIA LÓXICA DA AFIRMACIÓN. **NON SE BASA NO PRINCIPIO DE NON-CONTRADICCIÓN:** "THE CONTRARY OF EVERY MATTER OF FACT IS STILL POSSIBLE".

CIENCIAS EMPÍRICAS: **OBSERVACIÓN** FEITOS PRESENTES+ **INFERENCIA CAUSAL** FEITOS FUTUROS (DADA A CAUSA X DARASE O EFECTO Y). TODOS OS **RAZOAMENTOS SOBRE FEITOS** BASÉANSE NA **RELACIÓN CAUSA-EFECTO. RELACIÓN ENTRE FEITOS** POR MEDIO DO **PRINCIPIO DE**

CAUSALIDADE (UN FEITO É A CAUSA DE OUTRO FEITO, QUE SERÍA O EFECTO).

"ALL REASONINGS CONCERNING **MATTER OF FACT** SEEM TO BE FOUNDED ON THE RELATION OF **CAUSE AND EFFECT**."

EXEMPLO 1 HUME: O SOL NON SAIRÁ MAÑÁ/O SOL SAIRÁ MAÑÁ.

EXEMPLO 2: O CALOR (CAUSA) DILATA OS CORPOS (EFECTO).

- **CRÍTICA DO PRINCIPIO DE CAUSALIDADE [CRÍTICA DA IDEA DE CAUSA]:**

a) A **RELACIÓN CAUSA-EFECTO** **NON É UN PRINCIPIO LÓXICO INNATO OU A PRIORI** (ANTERIOR Á EXPERIENCIA), **NIN UNHA RELACIÓN LÓXICAMENTE NECESARIA** ENTRE DOUS FEITOS. A RELACIÓN CAUSA-EFECTO É UNHA **RELACIÓN CONTINXENTE** BASADA NA **EXPERIENCIA**.

"...THE KNOWLEDGE OF THIS RELATION IS NOT, IN ANY INSTANCE, ATTAINED BY REASONINGS **A PRIORI**; BUT ARISES ENTIRELY FROM EXPERIENCE, WHEN WE FIND, THAT ANY PARTICULAR OBJECTS ARE CONSTANTLY CONJOINED WITH EACH OTHER..."

"...THAT **CAUSES AND EFFECTS** ARE DISCOVERABLE, NOT BY REASON, BUT BY **EXPERIENCE**..."

b) **EXEMPLO DAS BOLAS DE BILLAR (HUME)**: TEMOS A IMPRESIÓN DO IMPACTO DA PRIMEIRA BOLA SOBRE A SEGUNDA. TAMÉN TEMOS A IMPRESIÓN DO MOVIMENTO DA SEGUNDA BOLA TRAS DO IMPACTO. PERO **NON TEMOS A IMPRESIÓN DA "CONEXIÓN NECESARIA"** ENTRE O IMPACTO E O MOVIMENTO. ¿DE ONDE PROCEDE A NOSA **CONVICCIÓN** OU **CONVENCEMENTO** DE QUE **A SEGUNDA BOLA SE MOVERÁ TRAS O IMPACTO DA PRIMEIRA BOLA?** DA **EXPERIENCIA**: DO **HÁBITO (HABIT)** OU **COSTUME (CUSTOM)**, BASEADO NA **OBSERVACIÓN** DE QUE UN FENÓMENO (MOVIMENTO) PRODÚCESE A CONTINUACIÓN DOUTRO FENÓMENO (IMPACTO).

c) O **PRINCIPIO DE CAUSALIDADE** SÓ É VÁLIDO PARA O **PRESENTE (IMPRESIÓNS PRESENTES)** OU PARA O **PASADO (IMPRESIÓNS PASADAS)**, PERO **NON É VÁLIDO** PARA A **PREDICCIÓN** DE **FENÓMENOS FUTUROS** (DOS QUE NON TEMOS IMPRESIÓNS). **FACEMOS PREDICCIÓNS** SOBRE **FEITOS FUTUROS** A PARTIR DA **CRENZA (BELIEF)** DE QUE A UN **FEITO X** SUCEDERÁ NO FUTURO UN **FEITO Y**.

d) CALQUERA **SECUENCIA CAUSA-EFECTO** É **ALTAMENTE PROBABLE**, PERO **NON NECESARIA** EN TERMOS LÓXICOS. **COÑECEMENTO DE FEITOS+CIENCIAS EMPÍRICAS: PROBABILIDADE** (PROBABILITY).

- **CRÍTICA DA IDEA DE SUBSTANCIA:** CRÍTICA DA METAFÍSICA: NON APORTA NINGUN COÑECEMENTO. NON CONSTITÚE UN SABER. OS CONCEPTOS METAFÍSICOS (SUBSTANCIA) NON DERIVAN DE NINGUNHA IMPRESIÓN. A IDEA DE SUBSTANCIA É UNHA FICCión CREADA POLA IMAXINACIÓN, NON SE CORRESPONDE CON NINGUNHA IMPRESIÓN.
- **CRÍTICA DA IDEA DE MUNDO:** LOCKE EMPREGA O PRINCIPIO DE CAUSALIDADE PARA INFERIR QUE AS IDEAS DE SENSACIÓN SON CAUSADAS POR OBXECTOS EXTERNOS AO SUXEITO PENSAnte. DESCARTES EMPREGA O MESMO PRINCIPIO DE CAUSALIDADE PARA EXPLICAR A ORIXE DAS IDEAS ADVENTICIAS A PARTIR DAS SUBSTANCIAS CORPÓREAS. PARA HUME ESTA INFERENCIA CAUSAL É INVÁLIDA PARA FUNDAMENTAR O COÑECEMENTO DUNHA REALIDADE. NON TEMOS IMPRESIóNS DOS CORPOS OU DO MUNDO, TAN SÓ IMPRESIóNS (DESCOÑECEMOS A SÚA PROCEDENCIA).
- **CRÍTICA DA IDEA DE DEUS:** LOCKE E DESCARTES (VÍA EMPIRISTA, A PARTIR DA OBSERVACIÓN DA NATUREZA E VÍA RACIONALISTA, A PARTIR DA IDEA INNATA DE PERFECCIÓN/INFINITO, RESPECTIVAMENTE), DEMOSTRAN A EXISTENCIA DE DEUS RECURRINDO AO PRINCIPIO DE CAUSALIDADE. PARA HUME, UNHA VEZ MÁIS, A INFERENCIA CAUSAL NON APORTA UN COÑECEMENTO NECESARIO DA EXISTENCIA DE DEUS. ADEMAIS, NON TEMOS IMPRESIóNS DE DEUS. AGNOSTICISMO: NON PODEMOS AFIRMAR A EXISTENCIA DE DEUS.
- **CRÍTICA DA IDEA DE ALMA, SUXEITO, EU:** DA EXISTENCIA DE CONTIDOS DO PENSAMENTO, NON SE PODE INFERIR NIN CAUSAL (LOCKE) NIN INTUITIVAMENTE (DESCARTES) A EXISTENCIA DUN SUXEITO PENSAnte. PARA HUME, DAS IMPRESIóNS DA CONCIENCIA NON SE PODE DERIVAR A EXISTENCIA DUN EU, NIN MOITO MENOS DUNHA ALMA (INMATERIAL) DA QUE NON TEMOS IMPRESIóNS. A CONCIENCIA NON É MÁIS QUE UNHA SUCESIÓN DE IMPRESIóNS. A MEMORIA DAS IMPRESIóNS LEVA CREAR A FICCión DUN SUXEITO DAS IMPRESIóNS, DUN EU.